

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A UNIDADE DE COIDADOS INTENSIVOS PEDIÁTRICOS DO HOSPITAL CLÍNICO REALIZOU OBRAS A PROL DO BENESTAR DE NENOS E FAMILIARES DENTRO DO PLAN DE HUMANIZACIÓN DA ÁREA SANITARIA COMPOSTELÁ

- ***Amais de murais coloridos, acondicionouse o espazo coa dobre función de facilitar o traballo diario do persoal e posibilitar unhas instalacións máis confortables para pacientes e acompañantes***

**Santiago, 19 de novembro de 2020** - O Hospital Clínico Universitario de Santiago ven de estrear un espazo alegre, dinámico e máis comfortable na unidade de coidados intensivos pediátricos do centro.

En palabras de Federico Martinón, xefe do servizo de pediatría da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza esta iniciativa “pretende un maior benestar emocional do paciente, neste caso dos nenos, e tamén facer máis levadeira a estancia hospitalaria tanto dos menores como dos seus familiares nunha acción de mellora que se enmarca no plan de humanización da área sanitaria compostelá”.

Amais da renovación total da decoración con coloridos murais que procuran mergullar aos nenos nunha aventura no mar, os traballos realizados na transformación da UCIP inclúen:

-A colocación de mamparas para separar camas e crear un ambiente máis íntimo e persoal para cada paciente amais das de protección de metacrilato anti COVID19.

-Instalación de monitores 4SmartTV de 50 polgadas para entretemento personalizado en cada habitación e como ventá aberta de comunicación.

-Instalación de novos lavamáns con accionador de pé e demais medidas de protección hixiénicas segundo protocolos actuais.

-Acondicionamento e rehabilitación de toda a UCIP con dobre función de facilitar o traballo diario do persoal laboral e posibilitar unhas instalacións máis confortables para pacientes pediátricos e acompañantes.

Este proxecto puido levarse a cabo grazas a implicación dos traballadores do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela, e dos fondos doados polos veciños de Val do Dubra, a través de “O show dos nosos”, “Veteranos S.D. Dubra” e “Dubra Team”, xestionados pola Obra Social de Pediatría. Esta doazón foi unha iniciativa dubresa na loita contra o cancro infantil contado con diferentes actividades como unha andaina solidaria ou un espectáculo de humor e baile.

Tamén grazas á solidariedade de particulares e empresas externas como a que realizou os traballos de deseño, produción, xestión e montaxe que é LAU CREACIONE,S.L. **Saúdos**



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA